



**CONVOCATORIA E BASES QUE REGULAN A SELECCIÓN DO PERSOAL PARA “PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO E A ECONOMÍA DOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA PROVINCIA DE LUGO”, FASE II.**

**Antecedentes**

A Deputación de Lugo puxo en marcha o Proxecto programa do fomento do emprego e a economía dos sectores estratéxicos da provincia de Lugo co fin de estimular a xeración de novos postos de traballo e reforzar as pemes e autónomos, eixo esencial da economía local.

Dende a Deputación, consciente das dificultades que teñen as empresas para atopar apoio financeiro e persoal de calidade para manter a actividade empresarial dentro de parámetros de competitividade, propuxo o mencionado plan para que estas poidan contar con novos recursos humanos emprender novos camiños e remontar a crise económica que estamos a vivir.

Por outro lado, os cidadáns da provincia de Lugo están atopando serias dificultades para integrarse no mercado de traballo.

Polo que, atendendo a estas dúas necesidades, xurdiu o proxecto que desembarca na segunda fase, na que unha vez vistas as necesidades das entidades beneficiarias da provincia de Lugo xurde un listado de perfís de traballadores necesarios. A Deputación diseña estas bases para emparellar de xeito correcto a oferta e demanda e así eliminar custes e tempo na realización de procesos selectivos, ás entidades beneficiarias e asegurar un produtivo engranaxe.

Por último, resulta un feito constatado que o crecemento equilibrado do emprego en tódolos sectores soe vir determinado polo incremento dos recursos dispoñibles e as oportunidades asociadas a estes recursos nun territorio, por todo iso este proxecto configúrase como precursor de investimentos que sexan fonte de riqueza e xeradora de emprego estable a través de garantir unhas condicións de traballo dignas de acordo ás necesidades reais evitando a contratación en precario que se vén practicando estes últimos anos e non favorece a mellora da crise.

En exercicios anteriores, esta Deputación levou a cabo actividades de fomento da empregabilidade como a formación para desempregados ou *Programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio* dirixidos os concellos da provincia de Lugo de menos de 5.000 habitantes pero este programa é máis ambicioso xa que contempla actuacións que combinando o reforzo ó sector produtivo e a mellora da empregabilidade, así coma a inserción no ámbito laboral dos traballadores desempregados da provincia de Lugo, fomentando contratos que melloren a situación dentro do mercado de traballo nun intento de frear os datos de paro e estabilizar o dereito a un salario digno que aborde os gastos mínimos dunha vida cotiá.



Esta convocatoria do PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO E A ECONOMÍA DOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA PROVINCIA DE LUGO-FASE II rexeráse polas seguintes:

**BASES PARA A SELECCIÓN DOS DESEMPREGADOS DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO E A ECONOMÍA DOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA PROVINCIA DE LUGO**

### **BASE 1. OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria ten como finalidade articular as condicións polas que rexerá a fase II do programa fomento do emprego e a economía dos sectores estratéxicos da provincia de Lugo e regular a súa convocatoria pública para a selección dos perfís requiridos polas empresas subvencionadas na fase I.

A finalidade do plan é seleccionar os candidatos desempregados solicitados polas entidades para acadar un dos obxectivos do programa que é a incorporación ó mercado de traballo de desempregados de acordo a resolución da fase I e dotar ás entidades beneficiarias capital humano cualificado para xerar un crecemento da economía, a través desta convocatoria pública que rexerá as condicións para a selección dos candidatos desempregados na provincia de Lugo.

### **BASE 2. BENEFICIARIOS**

Para poder ser beneficiario destas bases estableceranse uns requisitos xenéricos para todos os postos , que serán os seguintes.

- a. Desempregados da provincia de Lugo maiores de 16 anos.
- b. Empadroados en calquera municipio da provincia de Lugo e ou/inscritos na correspondente oficina de emprego. Quedan excluídos os que se atopen en Situación de Mellora de Emprego.
- c. Capacitación ou titulación requirida para o posto de traballo solicitado.

Ademais cada posto de traballo establecerá os seus requisitos específicos , que quedaran reflectidos no anexo I destas bases.

### **BASE 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Para poder ser beneficiario das axudas reguladas nesta convocatoria deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases e que se porán a disposición dos interesados na páxina web institucional da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)).

A solicitude (Anexo I) poderá presentarse na oficina do Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (Rúa san Marcos, 8- 27001 Lugo) ou por calquera das formas previstas no



artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para tal efecto e co fin de determinar a data de presentación, deberá figurar no modelo oficial de solicitude o selo de entrada da oficina de rexistro correspondente.

Non se admitirá máis dunha solicitude por candidato, aínda que na mesma solicitude poderase optar a dous perfís por orde de preferencia, segundo modelo normalizado.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais (10) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na paxina web e taboleiro de anuncios da Deputación Provincial de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **BASE 4. DOCUMENTACIÓN:**

4.1 Xunto co formulario de solicitude (Anexo I) deberá anexarse en papel a seguinte documentación:

- DNI.
- Tarxeta de demanda de emprego, no caso de desempleado inscrito como demandante de emprego na provincia de Lugo, e ou certificado de empadramento.
- Currículo Vitae actualizado.
- Vida laboral.
- Certificado de empresa de prestación de servizo.
- Título académico esixido.
- Orixinal ou copia cotexada dos méritos presentados na solicitude.

Se do exame do expediente segundo o procedemento establecido no artigo seguinte se comprobase que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requirirase o solicitante para que, nun prazo de 3 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se considerará que desistiu da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

4.2 Para calquera notificación, de acordo o artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as notificacións os participantes no proceso selectivo realizaranse a través



do taboleiro de anuncios e da paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

### **BASE 5. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS TRABALLADORES DESEMPREGADOS:**

O procedemento de selección dos desempregados beneficiarios será o seguinte, unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias ( Fase I) e á vista dos perfís subvencionados publicarase na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación provincial o Anexo I correspondente o listado de postos de traballo que se ofertan así coma a localidade de onde se atopan situados.

Os desempregados interesados deben anotarse ó posto concreto onde desexen ser valorados. Un mesmo candidato pode inscribirse ata en 2 postos diferentes. Ademais debe presentar no rexistro da Deputación Provincial de Lugo os anexos de solicitude, xunto coa documentación requirida na base 4.

Revisados os expedientes e completados para a valoración das solicitudes, remitiranse á Comisión de Valoración que estará composta por tres funcionarios da Deputación Provincial de Lugo mais o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en quen delegue ou substitúa, este último asistirá en calidade de secretario con voz pero sen voto.

Ante a situación da taxa de paro actual , prevese un volume de solicitudes moi elevado polo que a Comisión de valoración poderá dividirse en sub-comisións. Estas poderán estar asistidas por expertos na materia para proceder a súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada co obxectivo de non prolongar este procedemento e non desvirtuar o obxecto do programa.

Neste punto publicarase na paxina web e taboleiro de anuncios da entidade a listaxe por perfil (Anexo II) coa puntuación definitiva dos traballadores presentados, e abrirase un prazo de 3 días hábiles para posibles reclamacións na valoración dos candidatos.

Transcorrido o prazo e/ou resoltas as reclamacións, publicarase un novo listado na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación provincial (Anexo III ), no cal asignaranse a cada posto de traballo un desempregado solicitante. Neste senso o traballador asignarase á empresa tendo en conta a súa solicitude e sempre respectando o perfil requirido. O resto de persoas solicitantes quedarán en lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración ou baixas de maternidade, etc.

Rematado este proceso de asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, terán que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contratual e



pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda. Nos dez días seguintes á comunicación por escrito de tal circunstancia. No caso de que algún traballador non supere o período de proba enviarase o seguinte candidato da lista de reserva que cumpra co perfil, e o traballador eliminado volverá a lista de reserva na posición correspondente a puntuación da calificación de méritos.

Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos en canto a candidatos por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo reservase o dereito a elixir outro mecanismo para a localización do mesmo.

A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación de Lugo.

### **BASE 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES:**

Sempre que se cumpran os requisitos establecidos na presente orde, a Comisión de Valoración prevista no artigo anterior valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

No apartado de valoración da entrevista curricular terase en conta os seguintes criterios:

- Adecuación o posto de traballo: 4
- Aptitude do candidato: 4
- Dispoñibilidade: 2

Total máximo de puntuación obtida na suma de tódolos items será 10 puntos.

### **BASE 7. RESOLUCIÓN:**

O órgano instrutor elevará á Xunta e Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución indicando unha relación das titulacións solicitadas polas entidades beneficiarias seleccionadas coa puntuación total por orde decrecente e con lista de reserva.

Posteriormente farase pública na web e no taboleiro da Deputación a relación provisional dos desempregados admitidos e excluídos nesta convocatoria, con indicación, en cada caso, dos motivos de exclusión. Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da mencionada lista, para a emenda dos motivos de exclusión.

Sen prexuízo do anterior, en calquera momento poderase instar os beneficiarios solicitantes para que cubran calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, concedéndose a tal



efecto dez días hábiles a partir da notificación, con expreso apercibimento de que, de non o facer así, se poderá declarar decaída no seu dereito.

En calquera momento, a comisión da avaliación poderalles requirir ós solicitantes beneficiarios a documentación complementaria para verificar os datos que figuran na súa solicitude.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude, poderá comportar a denegación de participar no proceso.

### **BASE 8. ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á SUBVENCIÓN**

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, nos termos establecidos no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axustándose o modelo que se inclúe como anexo VI. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo establecido entenderase que o proceso é aceptado.

### **BASE 9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación ou reintegro, respectivamente, da resolución de concesión.

### **BASE 10. DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS CONTRATADOS**

- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Cumprimento das funcións e obrigas do posto asinado.
- Respetar o código ético e de conduta da empresa ou entidade asinada.
- Cumprimento das obrigas da lexislación vixente.

### **BASE 11. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:**

As entidades beneficiarias deberán cumprir, principalmente, as seguintes obrigas:

- Aceptar o/s traballador/es asignado/s pola Deputación e manter no seu cadro de persoal ás persoas traballadoras durante o período de 12 meses de duración do contrato subvencionado.



- Contratar os candidato outorgados mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude do programa, nos cinco días seguintes á comunicación da resolución da fase II.
- Facilitarlle os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encuentre vixente durante a execución do traballo así como a lexislación de datos de carácter persoal así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da subvención.
- Entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases relativa o desempleado contratado.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do plan.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Asumir os custes non subvencionables.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto “Subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo”.

### **BASE 12. PAGAMENTO**

O pago de cotas de seguridade social e salario dos desempregados seleccionados correrá a cargo da entidades beneficiarias da fase I. A Deputación esta exenta deste cumprimento , a súa función será o control documental destas obrigas.

### **BASE 13. CAUSAS EXCEPCIONAIS**

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas alleas a entidade beneficiaria a Deputación facilitará un traballador de existir o perfil requirida dentro da lista de reserva de traballadores, para o caso de non existir semellanza de perfil a entidade poderá



renunciar á parte de subvención non aplicada e devolvela voluntariamente segundo a base 19.

Para o caso de reposición de traballadores, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, a Deputación valorará individualmente cada unha delas previa solicitude da entidade beneficiaria e comunicará a súa resolución, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada.

No suposto concreto de baixa por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo, ou risco durante a lactancia natural a entidade beneficiaria poderá optar pola substitución do traballador/ora subvencionado por outro de semellante perfil dentro da lista de reserva, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada.

### **BASE 14. PENALIZACIÓNS**

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de todo orden puideran derivarse.

### **BASE 15. RÉXIME DE RECURSOS**

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

### **BASE 16. PROTECCIÓN DE DATOS**

A Deputación de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que aterse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A





finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente .

#### **BASE 17. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 30/1992, do 2 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión

Disposición Adicional Primeira. As declaracións responsables previstas nestas bases surtirán os efectos previstos polo artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.